



Museo de Iago, 7/10/2013

Inauguración da exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ



O próximo luns, 7 de outubro, na sala multiusos do Museo Provincial de Lugo, vaise inaugurar a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ, EMIGRANTE GALEGO, POETA OBREIRO. Esta mostra, que desde o pasado agosto puido verse en Paradela, forma parte do proxecto de difusión da vida e obra do escritor paradelense Manuel Rodríguez López, impulsado por [Galicia Digital](#), do que o primeiro paso foi a web www.manuelrodriguezlopez.com, unha das máis completas que teña un escritor galego, e rematará en próximos anos coa edición da obra completa e unha produción audiovisual.

A exposición está formada por 16 paneis informativos sobre diversos aspectos relativos á vida e obra deste creador galego, do que a maior parte da súa obra veu a luz na emigración catalana. E poderá ser visitada de luns a venres de 9 a 21 h., os sábados de 10,30 a 14 e de 16,30 a 20, e os domingos de 11 a 14h.



Na inauguración van participar o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García; o Deputado de Cultura, Mario Outeiro; o Alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato; e a Concelleira de Cultura de Lugo, Carmen Basadre, ademais de Santiago Rodríguez, fillo do homenaxeado, no nome da familia e Antonio Giz, Director de Galicia Digital.

Durante o San Froilán, unha aula informativa itinerante circulará por Lugo difundindo as actividades do PROXECTO MANUEL

RODRÍGUEZ LÓPEZ que, impulsado por Galicia Digital, conta coa especial colaboración da Familia do escritor, e o apoio do Concello de Paradela, Xunt de Galicia, Deputación Provincial de Lugo, e Concello de Lugo.

07-10-2013

O delegado de Cultura inaugurou a exposición sobre a figura do poeta paradelense Manuel Rodríguez López: emigrante galego - poeta obreiro



O delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, o nacionalista Mario Outeiroinaugurou, esta tarde, a exposición sobre o a figura do poeta paradelense Manuel Rodríguez López: Emigrante Galego – Poeta Obreiro, que estará abertaao público na sala multiusos do Museo Provincial de Lugo ata o vindeiro 7 de novembro. No acto tamén participaron Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística; Xosé Manuel Mato, alcalde de Paradela; Santiago Rodríguez, fillo do homenaxeado, no nome da familia; e Antonio Giz, director de Galicia Digital.

A mostra está formada por 16 paneis informativos sobre diversos aspectos relativos á vida e obra deste creador galego, do que a maior parte da súa obra veu a luz na emigración catalana; e forma parte do

proxecto de difusión da vida e obra do escritor paradelense Manuel Rodríguez López, impulsado por Galicia Digital, e rematará en próximos anos coa edición da obra completa e unha produción audiovisual.

Imaxes sobre a súa vida, publicacións, entre as que se atopan libros de poesía, libros inéditos e colaboracións en libros colectivos, prensa e revistas; premios, condecoracións e homenaxes recibidas; a súa presenza na prensa; correspondencia; poemas musicados; opinións sobre o poeta ou a súa figura de emigrante son aspectos que aparecen recollidos nesta exposición.

Durante a súa intervención, Mario Outeiro explicou que *“esta exposición representa unha boa oportunidade para que os lucenses poidamos coñecer máis de cerca a obra do noso veciño Manuel Rodríguez López, fillo predilecto de Paradela, home bo e xeneroso; o poeta obreiro máis importante da Galiza da segunda metade do século XX, así como unha homenaxe á súa figura”*.

Notas de prensa

Inaugúrase a exposición sobre o poeta paradelense Manuel Rodríguez López

A mostra sobre a figura do poeta paradelense, Manuel Rodríguez López: emigrante galego-poeta obreiro pódese ver na sala multiusos do Museo Provincial de Lugo ata o 7 de novembro. Na exposición reflíctense diversos aspectos sobre a vida e a obra do creador galego.

O delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, o nacionalista Mario Outeiroinaugurou a exposición sobre o a figura do poeta paradelense Manuel Rodríguez López: Emigrante Galego – Poeta Obreiro, que está aberta ao público na sala multiusos do Museo Provincial de Lugo ata o vindeiro 7 de novembro. No acto tamén participaron Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística; Xosé Manuel Mato, alcalde de Paradela; Santiago Rodríguez, fillo do homenaxeado, no nome da familia; e Antonio Giz, director de Galicia Digital.

A mostra está formada por 16 paneis informativos sobre diversos aspectos relativos á vida e obra deste creador galego, do que a maior parte da súa obra veu a luz na emigración catalana; e forma parte do proxecto de difusión da vida e obra do escritor paradelense Manuel Rodríguez López, impulsado por Galicia Digital, e rematará en próximos anos coa edición da obra completa e unha produción audiovisual.

Imaxes sobre a súa vida, publicacións, entre as que se atopan libros de poesía, libros inéditos e colaboracións en libros colectivos, prensa e revistas; premios, condecoracións e homenaxes recibidas; a súa presenza na prensa; correspondencia; poemas musicados; opinións sobre o poeta ou a súa figura de emigrante son aspectos que aparecen recollidos nesta exposición.



Durante a súa intervención, Mario Outeiro explicou que “esta exposición representa unha boa oportunidade para que os lucenses poidamos coñecer máis de cerca a obra do noso veciño Manuel Rodríguez López, fillo predilecto de Paradela, home bo e xeneroso; o poeta obreiro máis importante da Galiza da segunda metade do século XX, así como unha homenaxe á súa figura”.



Nota de prensa remitida por X.X.:

Esta exposición, que desde o pasado agosto puido verse en Paradela, forma parte do proxecto de difusión da vida e obra do escritor paradelense Manuel Rodríguez López, impulsado por Galicia

Digital, do que o primeiro paso foi a creación da web www.manuelrodriguezlopez.com, unha das máis completas que teña un escritor galego, e rematará en próximos anos coa edición da obra completa e unha produción audiovisual.

A mostra está formada por 16 paneis informativos sobre diversos aspectos relativos á vida e obra deste creador galego, do que a maior parte da súa obra veu a luz na emigración catalana. E poderá ser visitada de luns a venres de 9 a 21 h., os sábados de 10,30 a 14 e de 16,30 a 20, e os domingos de 11 a 14h.

Na inauguración participaron o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García; o Deputado de Cultura, Mario Outeiro; o Alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato; ademais de Santiago Rodríguez, fillo do homenaxeado, no nome da familia e Antonio Giz, Director de Galicia Digital.

Na sesión inaugural lembrouse a figura dun magnífico escritor con moi importante vencello coa cidade de Lugo, ondesidiu os últimos anos da súa vida, e para o que se ten solicitado a dedicación do “Día das Letras Galegas”.

Fotografías: Carlos Rodríguez Arias.

*Gabinete de Comunicación da Deputación Provincial de Lugo / XX.,
2013-10-07*

Sala de exposicións do Museo Provincial



04/10/2013

EXPOSICIÓN: Manuel Rodríguez López: Emigrante Galego - Poeta Obreiro

Inauguración: luns, 7 de outubro, ás 20:00 horas.

Esta exposición forma parte do proxecto de difusión da vida e obra do escritor paradelense **Manuel Rodríguez López**, impulsado por **Galicia Digital**, e rematará en próximos anos coa edición da obra completa e unha produción audiovisual.

EXPOSICIÓN: Manuel Rodríguez López: Emigrante Galego - Poeta Obreiro

Sala Multiusos do Museo Provincial de Lugo

(Do 7 de outubro ao 7 de novembro de 2013)
Entrada gratuíta

_____Horario de visita
Luns a venres: 9:00 a 21:00 h.
Sábados: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20 h.
Domingos e festivos: 11 a 14 h.

Contactos: Tfno.: 982 242112 / info@museolugo.org

_____A mostra está formada por 16 paneis informativos sobre diversos aspectos relativos á vida e obra deste creador galego, do que a maior parte da súa obra veu a luz na emigración catalana.

Na inauguración está previsto que participen o secretario xeral de Política Lingüística, **Valentín García**; o deputado delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, **Mario Outeiro**; o alcalde de Paradelas, **Xosé Manuel Mato**; e a concelleira de Cultura de Lugo, **Carmen Basadre**, ademais de **Santiago Rodríguez**, fillo do homenaxeado, no nome da familia, e **Antonio Giz**, director de Galicia Digital.

» **Web Manuel Rodríguez López**

Estas páxinas pretenden difundir a obra de **Manuel Rodríguez López**, emigrante galego e poeta obreiro. Fillo predilecto de Paradelas, home bo e xeneroso.

» **Contacto cos promotores desta exposición:**

Antonio Giz

982 226 309 - 637 527 207 / agiz@galiciadigital.com

La Voz de Galicia

Reclamo de exposición

A exposición itinerante do poeta de Paradelas Manuel Rodríguez López, que está aberta no Museo Provincial, contacun reclamo exterior. Trátasedun furgón rotulado cos patrocinadores da mostra, que terá carácter itinerante. O Museo exhibe estes días pezas vinculadas moi estreitamente ao escritor, que viviu moitos anos en Barcelona, entre elas poemas inéditos. Rodríguez López foi unha das referencias intelectuais dos galegos residentes en Cataluña durante moitos anos e permanece no recordo das persoas que o coñeceron por entón.

El poeta que fabricaba motos Manuel Rodríguez es recordado en el Museo Provincial de Lugo

Etiquetas: [homenaje](#), [Museo de Lugo](#), [Paradela](#), [Manuel Rodríguez](#), [literatura](#)

08/10/2013 - **El Progreso (Lugo)**

El poeta Manuel Rodríguez López es recordado desde ayer con la muestra ‘Emigrante galego, poeta obreiro’ en el Museo Provincial de Lugo. Una cronobiografía describe la vida de este escritor que nació en Paradela en 1934 y se fue con seis años a Barcelona, donde residió hasta 1975. Rodríguez López trabajó como jefe de personal de la fábrica de motos Ossa, repartiendo su ocio entre su labor como poeta y el ejercicio como cronista oficial del Centro Galego de Barcelona.

Su carrera literaria, siempre en gallego, estuvo dedicada a la poesía hasta 1969, cuando fue censurada su tercera obra, ‘Soldada mínima’, y pasó a escribir narrativa. El poemario prohibido no aparecería hasta 1979.

DOMINGO, 6 DE OCTUBRE DE 2013

O próximo luns, 7 de outubro, na sala multiusos do Museo Provincial de Lugo, vaise inaugurar a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ, EMIGRANTE GALEGO, POETA OBREIRO

O próximo luns, 7 de outubro, na sala multiusos do Museo Provincial de Lugo, vaise inaugurar a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ, EMIGRANTE GALEGO, POETA OBREIRO. Esta mostra, que desde o pasado agosto puido verse en Paradela, forma parte do proxecto de difusión da vida e obra do escritor paradelense Manuel Rodríguez López, impulsado por [Galicia Digital](#), do que o primeiro paso foi a web www.manuelrodriguezlopez.com, unha das máis completas que teña un escritor galego, e rematará en próximos anos coa edición da obra completa e unha produción audiovisual.

A exposición está formada por 16 paneis informativos sobre diversos aspectos relativos á vida e obra deste creador galego, do que a maior parte da súa obra veu a luz na emigración catalana. E poderá ser visitada de luns a venres de 9 a 21 h., os sábados de 10,30 a 14 e de 16,30 a 20, e os domingos de 11 a 14h.

Na inauguración van participar o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García; o Deputado de Cultura, Mario Outeiro; o Alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato; e a Concelleira de Cultura de Lugo, Carmen Basadre, ademais de Santiago Rodríguez, fillo do homenaxeado, no nome da familia e Antonio Giz, Director de Galicia Digital.

Durante o San Froilán, unha aula informativa itinerante circulará por Lugo difundindo as actividades do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ que, impulsado por Galicia Digital, conta coa especial colaboración da Familia do escritor, e o apoio do Concello de Paradela, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo, e Concello de Lugo.

PUBLICADO POR ENCARNA LAGO

Miles de persoas viven en Lugo a gran festa popular galega

O San Froilán desafía a criscun abarrotado Domingo das Mozas

[Laura López](#)

Lugo / La Voz 06 de outubro de 2013 22:55



ALBERTO LÓPEZ



ALBERTO LÓPEZ

- Rosa Cedrón participou na homenaxe a Rosalía. albertolopez

O sol e as temperaturas agradables aliáronse coa gran festa popular galega por excelencia, o San Froilán, que congregou en Lugo a máis de cen mil persoas - esperábase ao redor de 150.000- nunha das xornadas grandes das patronais, o Domingo das Mozas. Os lucenses e os visitantes botáronse á rúa para empaparse da esencia do San Froilán, entre gaitas, tambores, animación rueira, polbo e traxes rexionais.

A xornada inaugurouna, como marca a tradición, a Mostra de Música Tradicional, organizada pola Asociación de Gaiteiros Galegos, na que participaron os grupos Arume (Boiro), Briteiros (Vigo), Cantareiras de Alende (As Pontes), Carapaus (Compostela), De Pé Feito (Ourense), Faíscas de Solobeira (Cambados), Millo Verde (Cambre), Os Naviza (Galicia/Navarra), Os Terribles de Doas (Gondomar), Picuiña (Marín), Souto Xímaro (Lourenzá), Tornaxeira (Valdeorras) e Xarín (O Incio).

Mentres, os Amigos do Traxe Galego presentaron sobre a pasarela da Praza Maior todos os segredos da vestimenta tradicional, desde o festivo ata o máis cotián.

Os membros da corporación municipal, co alcalde José López Orozco á cabeza, acompañaron aos participantes ata o parque Rosalía de Castro, onde se celebrou a tradicional ofrenda.

A Mostra de Música repetiuse pola tarde, nunha ornaada con actividades para todos: pasacalles de música variada, cabezudos, unha Feira do Mel, un obradoiro aberto de cestería, karaokes infantís, mariachis, charangas, actuación da Banda Municipal de Lugo, a compañía de monicreques Maese Villarejo co espectáculo Gorgorito e a Hucha de Rosalinda e Gorgorito e a Bela Dormente... Ademais dos concertos de Non Nation, Barbarian Prophecies e O Adhesivo, que culminaron cunha gran homenaxe á verbena galega, Cantando a Galicia, da man de Rosa Cedrón, Sito Sedes e Paco Lodeiro.

A poetisa da Pobra do Brollón Olga Novo foi a encargada de realizar a tradicional ofrenda a Rosalía de Castro. Xunto a ela estiveron, ademais da concelleira de Cultura, Carmen Basadre, a cantante Rosa Cedrón e o grupo Cantigas e Flores.

As festas de San Froilán continuarán ata o sábado, con actividades para todos os públicos, calquera gusto e da mañá á noite. Un dos pratos fortes dos festexos son os concertos, entre os que destacan The Zombie Kids (xoves, 23.00 horas), Obús (venres, medianoite), A Cuadrilla Voadora (venres, 21.00 horas), Love of Lesbian (sábado, 22.30 horas), Milesios e Brath (hoxe, 20.30 horas) ou Charo Reina (mañá, 21.00 horas).

Todo iso completado con pasacalles, animación e espectáculos en case calquera recuncho da cidade, como teatro ou danza. Ademais, os máis pequenos teñen unha programación especial co San Froilán Miúdo, que se celebra nos xardíns da Deputación, baixounha carpa. Hoxe o espectáculo, a cargo da compañía Pavís Pavós, está dirixido a bebés, con contacontos ás 17.00, 18.00 e 19.00 horas. Mañá estará Xogos Paporrubio e A Casa dos Xogos; o mércores, Lila Espectáculos; o xoves, a actuación do conservatorio de danza; o venres, Viravolta Monicreques e unha festa musical, mentres que o sábado está o musicólogo Fuman.

Artesanía e exposicións

A maiores, segue aberta de 11.00 a 21.30 horas a mostra de artesanía Artesan Froilán, onde se poden atopar orixinais pezas de coiro, la, encaixe, tea, xoias... Ademais, hai varias exposicións na cidade (**sobre o poeta Manuel Rodríguez López no Museo**, sobre vestimenta tradicional na praza de Abastos e incluso sobre o pastor alemán o domingo no Pazo de Feiras e Congresos). Aínda por riba, o sábado celébrase a Feira Medieval na praza Pío XII.

ESCRITO DA FAMILIA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Benqueridas amigas e amigos:

É unha honra para a familia de MRL estar hoxe en Lugo na presentación da exposición itinerante do poeta de Paradela. Lugo, xunto con Paradela e Barcelona, son o trípode da existencia de Manuel Rodríguez, as tres localidades onde viviu a súa vida, curta de máis. Lugo acolleu os seus derradeiros anos, preto da súa amada Paradela. A Lugo adicoulle o seu derradeiro poemario, Onte e hoxe vivencial, ó que tamén pensou titular Vivencias luguesas. E en Lugo viven a súa dona Irene e o seu fillo Enrique. Estamos e sentímonos, pois, en casa, nunha das tres casas de MR. E que mellor día que nestas datas tan sinaladas das Festas de San Froilán. E qué mellor lugar co Museo Provincial de Lugo, que hoxe abre as súas portas para honrar ó noso poeta, o que nos enche de orgullo e gratitude.

Esta homenaxe que lle tributades a MR é o resultado do bo facer, da constancia e do corazón de amigos e responsables institucionais concretos. A obriga da nosa familia, e tamén o noso pracer, é agradecer publicamente a todos os que traballades por manter viva a memoria de MRL 23 anos despois do seu pasamento.

En primeiro lugar, agradecemos ós idearios e máximos traballadores neste novo proxecto para aviver o Fillo Predilecto de Paradela, os amigos Xulio Xiz (que foi un dos meirandes amigos de MR), e Antonio Giz. Inspirados nunha idea do gran amigo Xesús Mato, Xulio e Antonio son os responsables directos de idear e desenvolver este ambicioso proxecto comezado hai dous anos. O primeiro resultado foi un impecable portal web cun contido abondoso de información sobre a vida e obra de MRL que o director de GaliciaDigital, Antonio Giz, diseñou, creou, xestionou e difundiu de forma impecable e que xa é accesible en internet. Un segundo resultado é este que estades a ver hoxe aquí. Os incansables e eficaces amigos Xulio Xiz e Antonio Giz, idearon e crearon esta Exposición Itinerante, dentro dun proxecto máis amplo para dar a coñecer aínda máis a figura de MRL por Galicia e polo mundo. Amigos, as nosas grazas cara vós e cara a tódolos compoñentes de GaliciaDigital, son sinceras e cheas de sentimento polo traballo feito e polos vosos importantes proxectos de futuro.

Queremos recordar moi especialmente a Marcial González Vigo, amigo de MR e da nosa familia, que nestes intres ten problemas de saúde. Podedes ver nun dos paneis un poema que Marcial lle adicou ó noso escritor. Tamén lle damos unha garimosa aperta ó amigo Xosé Manuel Carballo, que está hoxe connosco despois de recuperarse dunha enfermidade.

As iniciativas culturais tamén precisan doutros apoios materiais para poder realizarse. Gracias ás eficaces xestións de Xulio Xiz, son catro os organismos oficiais que apoian o proxecto MRL: o Concello de Paradela, a Xunta de Galicia por medio da secretaría de Política Lingüística, a Diputación de Lugo e o Concello de Lugo.

Necesariamente temos que comezar dando as grazas ó Concello de Paradela, e en especial ó seu Alcalde, o amigo José Manuel Mato Díaz. Paradela leva toda a vida respondendo con maternal agarimo ó amor demostrado por MR ó longo da súa existencia. Pero é desde o día do seu falecemento cando o agarimo se transforma en devoción, o fillo emigrante en Fillo Predilecto, o nome MOresteRL en nome de centro sociocultural e en nome de certame literario, o Panteón de Paradelenses Ilustres, no seu fogar derradeiro, as obras Vida e Obra de MRL e Poesía completa de

MRL e o portal web MRL, en realidade financiadas polo Concello de Paradela. E agora Paradela, con José Manuel Mato á cabeza, tamén participa decisivamente nesta exposición e no proxecto MRL, que tantas expectativas promete para o futuro. Non nos cansaremos de agradecer de corazón ó alcalde Mato e a Paradela o seu apoio incondicional.

Ademais do Concello de Paradela, é unha ledicia para nós contar co apoio doutras tres importantes institucións galegas: a Xunta de Galicia, a Diputación de Lugo e o Concello de Lugo.

En Paradela tivemos a sorte de coñecer ó señor Secretario Xeral de Política Lingüística, Don Valentín García. Quedamos moi positivamente impactados pola súa sinxeleza, á súa accesibilidade e polo seu importante apoio, sincero e firme. Hoxe temos a sorte de que nos honre de novo coa súa presenza, o que lle agradecemos fondamente. Contar co apoio da primeira institución dos galegos é proba da importancia do proxecto e é causa de orgullo para nós.

A Diputación de Lugo non é a primeira vez que apoia iniciativas para aviver a memoria de MRL. No ano 2009 o entón Vicepresidente da Diputación, o amigo Antón Bao, foi fundamental para que se puidera publicar nun tomo a Poesía Completa de MRL. E neste proxecto, que inclúe a exposición itinerante que hoxe inauguramos, a Diputación de Lugo, representada polo Deputado de Cultura, o Sr Mario Outeiro, é tamén parte fundamental, contribuíndo apoio material e institucional que agradecemos fondamente.

O Concello de Lugo foi unha institución especial para MR. Alí colaborou e participou en moitas iniciativas culturais. O xornal Praza Maior, traducións, viaxes a Brasil e Arxentina son algúns dos nexos de unión de MR ó concello lugués. Por iso énchenos de satisfacción que a que foi agradecida institución en vida do noso poeta o sexa tamén nesta vida distinta de MRL, porque é vida ser recordado da maneira que o estades a facer despois do seu falecemento. Agradecemos ó Concello, especialmente á Concelleira de Cultura, dona Carmen Basadre, o seu importante e fundamental apoio.

Os que non coñecedes a MRL, podedes descubrir a súa vida e a súa obra a través dos paneis desta exposición itinerante. Nacemento en Randulfe (Paradela), emigración a Barcelona cando tiña 6 anos, estudo dunha carreira sacerdotal que non remataría, matrimonio con Irene López Gómez, pai de dous fillos, xefe de personal dunha industria siderometalúrxica que máis tarde o deixaría no paro laboral, son algunhas das pinceladas vitais en forma de texto e imaxes que se fan visibles ós curiosos da vida dun escritor comprometido con Galicia. Un poeta obreiro que foi testemuña (agora novamente de actualidade) dos acedos dos emigrantes, do traballo na gran cidade. Un narrador da saudade pola súa terra natal. Un cronista de tódolos actos dos galegos en Catalunya. Un viaxante xunto con Anxel Fole nas vacacións en Galicia. Un tradutor da meirande obra da poesía catalana. Un xove que quere medrar como escritor galego buscando o contacto epistolar con persoeiros da literatura galega, entablado amizade con Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro, Manuel Puente, Manuel María, Alonso Montero, Filgueira Valverde, e un longo etc. Un home que, segundo os que o coñeceron, foi bo e xeneroso, e, en verbas de Xulio Xiz, excelentísimo e señor. Un bo escritor, que coidamos merece ser máis coñecido polos galegos por ser un bo exemplo de bonhomía e galeguidade.

E quixeramos rematar dándolle as grazas a MR por ser bo marido e bo pai, un bo home que tamén destacou polo seu esforzo constante, polo seu traballo decidido en prol de Galicia, da súa capital espiritual, Paradela, e da literatura. Non só foi un traballador infatigable, senón que tamén gardou e

clasificou metódicamente a súa obra, facendo moito máis sinxela a recolección do material presentado nesta exposición e no seu portal web. Seguro que hoxe disfruta connosco gracias ós seus ollos da alma e a través dos nosos corazóns. Nós aproveitamos para darlle as gracias por depositar nos seus amigos en vida as sementes que están a xermolar vizosas, burlando a negra sombra.

Moitas gracias.

Inauguración da Exposición Itinerante en Lugo [Outubro 2013]



Inauguración da Exposición Itinerante en Lugo (Outubro 2013)

